

RESOLUCIÓN do 3 de xuño de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo).

De conformidade co disposto no punto 3 da base sexta da Orde do 21 de febreiro de 2019 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia e logo de revisar as reclamacións formuladas contra as listas provisionais de persoal admitido e excluído que se publicou por medio dunha Resolución do 16 de maio de 2019 no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar as listas definitivas das persoas aspirantes admitidas e excluídas que solicitaron tomar parte nos mencionados procedementos selectivos.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ao persoal interesado a posesión dos requisitos exixidos nos procedementos que se convocan mediante esta orde. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de ser aprobado, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación nestes procedementos.



Segundo. Ordenar a publicación desta resolución e das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas no portal de Internet da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

Terceiro. Contra esta resolución o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos recurso de alzada ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal, segundo o disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas.

Cuarto. No caso dos mestres, o feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade do exame. Esta determinarase na resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fagan públicas as resolucións dos tribunais polas que se anuncian as datas, horas e lugares en que se fará o acto de presentación e se realizará a primeira proba prevista na base décimo terceira da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

